



*ENTIDADES CULTURAIS
E DEPORTIVAS*

...



Gráfica estadística coa evolución do número de libros e de socios na Biblioteca Pública Municipal Castela de Betanzos.

Asociacións Culturais



Fersal

Betanzos, eirexa de San Francisco. 30-XI-1985. Concerto de Clausura do XVII Festival Santa Cecilia, organizado pola Coral Polifónica, co que se conmemorou o "Ano Europeo da Música" e que contou coa actuación conxunta da Agrupación Musical "Albéniz", da Coruña; Agrupación Musical "Carlos Seijo", de Betanzos; Coral Polifónica da SCRD de Sada; Coral Polifónica "Eumesa", de Pontevedra e Coral Polifónica de Betanzos, sumando un total de 200 intérpretes.

CORAL POLIFONICA DE BETANZOS

Estas foron as actuacións desta entidade no ano 1985:

FEBREIRO

Día 2: No Centro Cultural de Begonte (Lugo).

Día 23: En Bergondo —Pazo de Mariñán— nun Festival a Beneficio de "Manos Unidas".

Día 23: Grabación para TVE de Galicia no Pazo de Mariñán.

MARZO

Día 8: Na Aula de Cultura de Caixa Galicia con motivo da inauguración das novas instalacións desta entidade en Betanzos.

Día 9: Na Sociedade de Amigos da Paisaxe do Seixo.

Día 10: Na eirexa parroquial de Vilarmaior.

MAIO

Día 5: Na eirexa parroquial de Santa Cruz de Mondoí con motivo das festas patronais.

Día 17: Na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Betanzos dentro das "Primeiras Xornadas Culturais Betanceiras".

Día 26: Na eirexa parroquial de Santa María de Souto con motivo das festas patronais.

XUNIO

Día 29: Na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Pontevedra, con motivo do XV Aniversario da Coral

Polifónica Eumesa.

XULIO

Día 21: Na eirexa parroquial de Calobre (Miño) con motivo das festas patronais.

Día 27: Nos locais da Sociedade CRD de Sada.

AGOSTO

Día 4: Na eirexa parroquial de Coirós con motivo das festas patronais.

Día 13: Na eirexa de Santiago de Betanzos con motivo da celebración do Concerto de Verán que esta entidade ofrece en honra dos seus socios e forasteiros.

Día 16: Na eirexa de Santo Domingo de Betanzos no acto Función do Voto en honra de San Roque, Patrón da cidade.

Día 18: Na eirexa de San Salvador de Bergondo con motivo das festas patronais.

SETEMBRO

Día 15: Na Coruña, con motivo da consagración da nova eirexa de San Pablo polo Arzobispo de Compostela.

Día 29: Na eirexa parroquial de Bandoxa (Oza dos Ríos) con motivo das festas patronais.

OUTUBRO

Día 3: No Pazo de Mariñán para 150 axentes de viaxes británicos.

Día 6: Na eirexa parroquial de Arzúa.

Día 9: Na Colexiata de Santa María do Campo da Coruña, dentro das festas de Nosa Señora do Rosario.

Día 20: No Instituto Médico Pedagóxico de Betanzos, conmemorando a beatificación de P. Benito Menni.

Día 24: No Pazo de Mariñán para os asistentes ó "I Congreso Europeo do Hórreo na Arquitectura Rural".

NOVEMBRO

Día 18: Na eirexa de Santiago de Betanzos, interpretando a parte coral na representación do auto Sacramental "El Gran Teatro del Mundo". XVII Festival Santa Cecilia.

Día 22: Na eirexa de Santo Domingo de Betanzos, na misa solemne celebrada en honra da Patrona dos Músicos. XVII Festival Santa Cecilia.

Día 30: Na eirexa de San Francisco de Betanzos, no concerto conmemorativo do "Ano Europeo da Música". Clausura do XVII Festival Santa Cecilia.

DECEMBRO

Día 21: No Liceo de Noia.

Día 24: Na eirexa de Santo Domingo de Betanzos. Misa solemne de Noiteboa.

Día 29: Na Residencia García Irmáns para felicitar as Festas do Nadal ós ali acollidos.

Outras actividades culturais organizadas pola Coral Polifónica foron:

—O 26 de febreiro na eirexa de Santo Domingo, concerto de clavecín a cárrago da pianista norteamericana Lee Jordan Anders.

—O 2 de marzo na Sala de Arte do Banco de Bilbao, exposición colectiva do "Grupo Desnivel" da Coruña. XVI Aniversario da Fundación da Coral.

—O 5 de marzo no Cine Capitol, representación da comedia "La viuda es sueño" pola Agrupación Teatral Coruñesa. XVI Aniversario da Fundación da Coral.

—O 6 de marzo na Sala de Arte do Banco de Bilbao, recital poético de Pilar Llorente a Jorge Montes, do grupo Desnivel da Coruña. XVI Aniversario da Fundación da Coral.

—O 7 de marzo na eirexa de Santo Domingo, concerto de violín a cárrago dos solistas rusos Boris e Irena Goldstein. XVI Aniversario da Fundación da Coral.

—O 16 de marzo na eirexa de Santo Domingo, concerto a cárrago da Coral Polifónica Aires de Carral. XVI Aniversario da Fundación da Coral.

—O 1 de abril na Aula de Cultura de Caixa Galicia, pregón da Semán Santa a cárrago de don Francisco Iglesias González, Dr. en Ciencias da Información e Profesor da Universidade de Navarra. Concerto de música sacra a cárrago do Grupo de Madrigalistas Iubilatio, de Santiago.

—O 10 de xullo na Aula de Cultura de Caixa Galicia, concerto de guitarra a cárrago do solista arxentino Ernesto Bitetti.

—O 13 de agosto na eirexa de Santiago, Concerto de Verán en honra de socios e forasteiros coa actuación da Agrupación Musical Carlos Seijo e a Coral Polifónica de Betanzos.

—O 15 de novembro na Sala de Arte do Banco de Bilbao, exposición de acuarelas de Salvador Gutiérrez de la Concha. XVII Festival Santa Cecilia.

—O 18 de novembro na eirexa de Santiago, representación do auto sacramental "El Gran Teatro del Mundo", a cárrago do Grupo de Teatro Tespis, da Coruña. XVII Festival Santa Cecilia.

—O 19 de novembro no Cine Capitol, concerto a cárrago da Orquesta de Jazz da Coruña. XVII Festival

Santa Cecilia.

—O 21 de novembro na eirexa de Santo Domingo, concerto de violonchelo e piano a cárrago do Duo Iglesias-Durán. XVII Festival Santa Cecilia.

—O 27 de novembro na eirexa de Santo Domingo, concerto a cárrago do Quinteto de Vento "Academia" de Praga. XVII Festival Santa Cecilia.

—O 28 de novembro na Aula de Cultura de Caixa Galicia, conferencia a cárrago de don Carlos Balañas Fernández, catedrático da Universidade de Santiago, sobor do tema "Rosalia poeta dun pobo". Recital poético sobor da obra de Rosalia a cárrago de dona Carmen María García Martín e don Carlos Álvarez López. Acto conmemorativo do Ano Rosaliano. XVII Festival Santa Cecilia.

—O 30 de novembro na eirexa de San Francisco, concerto de clausura do XVII Festival Santa Cecilia, conmemorativo do Ano Europeo da Música. Actuación, individual e conxunta, de: Agrupación Musical Albéniz, da Coruña; Agrupación Musical Carlos Seijo, de Betanzos; Coral Polifónica da Sociedade de Sada; Coral Polifónica Eumesa, de Pontedeume, e Coral Polifónica de Betanzos.

—XII Concurso Literario Xuvenil conmemorativo do Ano Internacional da Xuventude. Ganadores: no apartado A, María del Carmen Dapena Varela da Coruña, e no apartado B, Carlos Álvarez Teijeiro, de Betanzos.

AGRUPACION MUSICAL DE PULSO E PUA "CARLOS SEIJO"

Diariamente e de luns a venres (inclusivos), impartíronse clase de solfeo e aprendizaxe de guitarra, bandurria, laúd e mandolina. As actuacións no ano 1985 foron as seguintes:

FEBREIRO

Día 19: Concerto no Pazo de Mariñán, organizado pola Asociación de "Amas de Casa" de Bergondo, para recaudar fondos a favor da Campaña contra a Fame.

MARZO

Día 8: Concerto na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Betanzos, con motivo da inauguración dos novos locais desta entidade.

Día 10: Concerto en Betanzos, para "Manos Unidas".

ABRIL

Día 9: Concerto no local social da Sociedade Cultural de "O Xeixo" —Mugardos.

MAIO

Día 22: Concerto en Betanzos dentro das Primeiras Xornadas Culturais Betanceiras, organizadas polo Concello.

XUNIO

Día 22: Concerto no Colexio Comarcal de EXB de Curtis.

AGOSTO

Día 6: Concerto no Convento de Bergondiño-Bergondo, con motivo das festas patronais.

Día 9: Concerto en Coirós, organizado pola Sociedade "Fillos de Ois".

Día 13: Participación nos Concertos de Verán que organiza a Coral Polifónica de Betanzos.

NOVEMBRO

Día 30: Participación en Betanzos no XVII Festival Santa Cecilia que organiza a Coral Polifónica.

DECEMBRO

Día 14: Intervención no programa "Os nosos cores" de Radio Televisión Galicia.

Día 24: Festival de villancicos no Santuario de Nosa Señora dos Remedios.

CINE-CLUB ALAMEDA

A actividade deste nacente cine-club foi moi grande ó longo do ano ó traveso de programacións trimestrais nas que se proxectaron películas no cine Alfonso, mais nalgún caso incluso ó aire libre. Trimestralmente editaron para os socios un folleto informativo.

1.º TRIMESTRE

Toma el dinero y corre. W. Allen (17 xaneiro).
Fedora. Billy Wilder (31 xaneiro).
Feliz Navidad Mrs. Lawrence. N. Oshima (14 febreiro).

Querelle. Fassbinder (28 febreiro).
El tambor de hojalata. V. Schlendorff (14 marzo).

2.º TRIMESTRE

El Compromiso. Elia Kazan (11 abril).
La jungla de asfalto. Tohn Huston (25 abril).
Quadrophenia. Franc Roddam (9 maio).
Padre Padrone. Paolo y Vittorio Taviani (23 maio).

Los cuatrocientos golpes. François Truffaut (13 xunio).
Dime que me amas, Junie Moon. Otto Preminger (27 xunio).


3.º TRIMESTRE

En busca del fuego. Jean Jacques Annaud (4 xulio).

Tienda de Locos. "Hermanos Marx" (11 xulio).
Pepi Luci Bom y otras chicas del montón. Pedro Almodovar (18 xulio).
Renaldo y Clara. Bob Dylan (12 setembro).
El apartamento. Billy Wilder (19 setembro).
Lolita. Kubrick (28 setembro).

4.º TRIMESTRE

La mujer del teniente francés. Karel Reisz (10



outubro).

Ragtime. Milos Forman (24 outubro).
Demonios en el Jardín. Manuel Gutiérrez Aragón (7 novembro).
La dulce vida. Fellini (21 novembro).
El Grito. Jeray Skolimowsky (5 decembro).
Androide. Lipspadt (19 decembro).

CHARANGA "OS LOITEIROS"

Estas foron as súas actuacións no 1985:

FEBREIRO

Día 16: En Betanzos.
Día 17: Na Coruña dentro dun concurso de charangas no que levaron o 3.º premio.
Día 18: No concurso Rey Brigo en Betanzos.
Día 19: En Oleiros, Mera, Lorbé e Sada.
Día 20: No enterro da Sardiña en Betanzos.
Día 23: En Irixoa, A Viña e Paderne.
Día 24: En Guitiriz, Teixeira e Curtis.

MAIO

Día 18: No Cantón de Betanzos, dentro das Primeiras Xornadas Culturais.

XULIO

Día 21: Nos Caneiros (festa de Caixa Galicia).
Día 23: Na inauguración das obras da Praza de

Enrique IV en Betanzos.

Día 27: Nunha sardiñada en Betanzos Infesta.

AGOSTO

Día 5: Nunha festa campestre en San Paio de Tiobre organizada pola Asociación de Viciños.
Día 6: Nos Caneiros (festa dos socios do Club Ciclista).
Día 26: Na inauguración dos xardíns da Praia de Miño e "Cruz Roja".

SETEMBRO

Día 7: Na romería dos Remedios en Betanzos.
Día 8: Na procesión dos Remedios.
Día 22: Nunha festa campestre en Pontedeume organizada polo Club Ciclista de Betanzos.


DECEMBRO

Día 22: Na Residencia García Irmáns.

GRUPO DE TEATRO "BERROS"

Comenza o ano colaborando na Cabalgata de Reises. Polo Antroido, en febreiro, participa no Enterro da Sardiña. O 15 de maio dentro das Xornadas Culturais Betanceiras estrena, no Cine Alfonso, a obra de Pérez Galdós "Marianela" traducida ó galego

e transformada de novela en obra de teatro. O 11 de maio, e tamén dentro das ditas Xornadas, no adro de Santo Domingo ás 10 da noite puxo en escena 3 partes das obras "Jesucristo Superstar", "Evita" e "Hair" baixo o título xenérico "Unidos por la Paz".



GRUPO UNTIA SEMINARIO DE ESTUDIOS MARIÑANS

Según coñecemos polo eco na prensa, o feito máis importante deste grupo no ano 1985 foi a publicación do primeiro número do boletín Untia que foi presentado o 17 de maio na Aula de Cultura de Caixa Galicia.

CLUB DE XUBILADOS

Neste ano de 1985 o Club de Xubilados començou a ter vida nos locais de Caixa Galicia. Total de socios 368 dos que 188 son mulleres e 180 homes. Estas foron algunhas das súas actividades:

- Campeonato de xogos de mesa (maio).
- Actuación da Agrupación Musical de Pulso e Púa do Club de Xubilados da Coruña (maio).
- Participación no Campeonato Interareas de xogos de mesa en Santiago e excursión a esta cidade (xunio).
- Excursión a San Andrés de Teixido e visita á

Feria do Noroeste en Ferrol (xulio).

- Excursión a Santa Tecla (setembro).
- Cursillos de electricidade e ximnasia (outubro).
- Curso de ximnasia (novembro e decembro).
- Actuación do Coro de Xubilados de Ferrol (decembro).
- Misa do Nadal no Salón de Actos (decembro).
- Charla do cronista oficial da cidade, don José R. Núñez (decembro).
- Actuación do Coro e Grupo Teatral do Club de Xubilados de Pontedeume (decembro).

ASOCIACION DE "AMAS DE CASA Y DEL CONSUMO FAMILIAR"

No ano 1985 desenrolou as seguintes actividades:

XANEIRO

Días 8, 10, 15, 17, 22, 24, 29 e 31: Curso de Corte e Confección.

Días 11, 16 e 25: Curso de Confección de flores de tea.

Día 15: Consello Provincial.

FEBREIRO

Día 2: Reunión no Concello como integrantes da Comisión de Deportes.

Día 6: Consello Provincial.

Día 15: Reunión no Concello co Director da Polideportiva.

Días 5, 7, 12, 14, 19, 21, 26 e 28: Curso de Corte e Confección.

Días 1, 8, 11 e 22: Curso de Confección de flores de tea.

Días 11 e 12: Demostración de cociña do Antroido.

Día 27: Asamblea Xeral.

MARZO

Días 5, 7, 12, 14, 19, 22, 26 e 28: Curso de Corte e Confección.

Días 1, 8, 15, 22 e 29: Curso de Confección de flores de tea.

Días 4, 11, 18 e 25: Curso de traballos en estaño.

Día 6: "Charla-coloquio" con proxección de diapositivas sobre o tema "22 días de viaxe polas Indias" a cargo de dona Aida Ramos de Rossell.

Día 12: Viaxe cultural á Coruña para asistir a unha conferencia sobre "Los derechos del consumidor", polo Director Xeral de Consumo.

Día 14: Reunión do Consello de Cultura no Concello.

Día 16: Asistencia en Ferrol á comida "Alimega 85".

Día 20: "Charla-coloquio" a cargo do director do servizo municipal de Deportes, don Miguel Sánchez Ortiz, sobre "La actividad física como fuente de bienestar humano".

Día 23: Día Provincial da Ama de Casa en Riveira.

Día 26: Reunión do Consello de Cultura no Concello.

ABRIL

Días 2, 9, 11, 16, 18, 23 e 25: Curso de Corte e Confección.

Días 12, 19 e 26: Curso de Confección de flores de tea.

Días 15, 22 e 29: Curso de traballos en estaño.

Día 9: Reunión do Consello de Cultura no Concello.

MAIO

Días 2, 7, 9, 14, 16, 21, 23, 28 e 30: Curso de Corte e Confección.

Días 3, 10, 17, 24 e 31: Curso de flores de papel.

Días 6, 13, 20 e 27: Curso de traballos en estaño.

Día 3: Visita ás instalacións de "La Estrella de Galicia".

Día 4: Asistencia na Coruña ó día dedicado ó homenaxe á Familia.

Día 24: Dentro das Primeiras Xornadas Culturais Betanceiras, presentación de modelos do traxe galego do s. XVIII e actuais.

Día 25: Viaxe a Padrón, neste ano de Rosalía, para asistir ós actos de "Homenaxe a Rosalía" nos que estiveron presentes tódalas asociacións da provincia.

SETEMBRO

Día 12: Día Provincial da Ama de Casa en Ce-



Fersal

deira.

Día 23: Reunión para a confección dun programa de actividades.

Neste mes asistiron tamén ó Congreso de Consumo en Ourense.

OUTUBRO

Día 7, 14, 21 e 28: Curso de traballos en estaño.

Días 10, 17 e 24: Curso de pasta rusa.

Día 9: Viaxe cultural ás Rías Baixas.

Neste mes asistiron no Concello a unha reunión sobre Protección Civil.

Día 26: Viaxe a Palma de Mallorca para asistir ó Congreso Nacional de Consumo.

NOVEMBRO

Días 4, 11, 18 e 25: Curso de traballos en estaño.

Días 7, 14, 21 e 28: Curso de pasta rusa.

Día 29: Conferencia sobre "La importancia de los huevos en la alimentación humana y sus efectos en la salud".

DECEMBRO

Días 2, 9 e 16: Curso de traballos en estaño.

Días 5, 12 e 19: Curso de pasta rusa.

Día 4: Viaxe cultural á Coruña para visitar o Planetario.

Día 6: Conferencia sobre Consumo polos abogados da Consellería de Sanidade e Consumo da Xunta de Galicia.

Día 13: Concurso de platos e postres do Nadal presentados polas Asociadas.

Día 18: Conferencia sobre "La Navidad a través del Arte". Neste mesmo día tivo lugar a celebración do 5.º Aniversario desta Asociación.

ASOCIACION CULTURAL BETANCEIRA

Estas foron as súas actividades no 1985:

—Cursiño de galego entre os meses de Febreiro e Abril, con dúas sesións semanais. Impartido por don Xoán Ignacio Taibo, escritor e profesor no Instituto de Betanzos. Asistiron 50 persoas que recibiron un diploma acreditativo de asistencia.

A inauguración do mesmo cursiño, que tivo lugar o 15 de Febreiro, correu a cárrego do profesor don Francisco Rodríguez, quen falou sobre "O proceso de normalización do galego".

O acto de clausura, aínda que o cursiño se prolongou algún tempo máis a petición dos asistentes, tivo lugar o 3 de marzo cunha conferencia do profesor don Ricardo Carballo Calero sobre "A lingoa galega na sua historia".

Dentro das actividades do cursiño celebrouse unha tertulia co escritor galego don Xosé-Manuel Martínez Oca, encol da narrativa galega no mes de Abril.

—Recital de jazz no salón Liceo a cargo do grupo "The Celebration Jazz Band", no mes de maio.

Recital poético do grupo "De amor e desamor", na semana das "I Xornadas Culturais Betanceiras".

—Mesa redonda encol da problemática cultural en Betanzos, con participación do Axuntamento e diversas entidades relacionadas coa cultura, moderado por don Xulio Cuns.



TALLER DE MUSICA DE ANTONIO CAL


A actividade do músico Antonio Cal "Purriños" foi moi importante dende a súa volta á cidade logo de actuar nos máis diversos rincóns do mundo. Por desgracia, este ano 1985 pode ser o último desta xeira en Betanzos, xa que as dificultades económicas parece que o levaron de novo a tocar por outras latitudes. De tódolos xeitos, mentres estivo demostrou que hai moita xente que lle interesa a música e cabe pensar que músicos como o trompetista José Pita e outros manteñan vivas esas inquedanzas.

Das actuacións deste taller cabe destacar:

2 de Novembro: participación do "TMB Jazz Band" que dirixe A. Cal no "III Festival Internacional de Jazz da Coruña". Formaban esta "Big Band" 14 músicos de Betanzos e a comarca e foi acollida con gran entusiasmo. Era a segunda xornada e actuaron xunto ó cuarteto de George Adams e Don Pullen.



20 de Decembro: co patrocinio do Concello de Betanzos tiveron lugar no Muíño Roxo as "III Xornadas de Aproximación ó Jazz" nas que actuou a TMB Jazz Band.



GRAFICA-85

Durante os meses de xulio e agosto estiveron funcionando en dependencias do Colexio de EXB, os talleres de Gráfica-85 baixo a dirección do betanceiro Jesús Núñez. Contaron con tórculos para calcografía, prensa litográfica, prensa plana xilográfica, mesa serigráfica e demais material complementario. As prácticas realizáronse de luns a venres cunha duración de 4 a 5 horas diarias. A secretaría deste curso internacional de verán estableceuse no Concello, que tamén axudou no seu patrocinio.

Xente de España, mais tamén de Arxentina, Francia, Italia, Alemaña..., estiveron aquí. A paisaxe humana de Betanzos cambeou neste tempo: en calquer esquina podía estar alguén facendo un debuxo, a demanda de pisos de alquiler aumentou, bares e discotecas enchéronse dun aire novo... Foi un éxito e o importante sería que continuase e mesmo que por esa vía en Betanzos chegase a instalarse unha escola de Artes e Oficios ou unha facultade.

Deporte-1985 en Betanzos

Por FRANCISCO-JOSE CASTIÑEIRA PURRIÑOS

La intensa actividad llevada a cabo por los deportistas de las distintas modalidades que se practican en nuestra Ciudad a lo largo de 1985, ha sido una de las notas predominantes en nuestro deporte.

Tanto en piragüismo como taekwondo o ajedrez, por citar algún ejemplo, la participación con carácter oficial ha aumentado considerablemente y con ella el número de victorias respecto a años anteriores. Pero, sin duda, lo más relevante del año lo ha puesto el club de baloncesto "Discoteca Iris" y, por lo tanto, con él vamos a comenzar el resumen que en este Anuario hacemos cada año.

BALONCESTO

Existía expectación entre el aficionado brigantino por ver el desenvolvimiento y posterior desenlace del equipo de baloncesto local "Discoteca Iris" en su debut en el Campeonato Nacional de Tercera División. Los baloncestistas betanceiros no defraudaron a sus seguidores y con el séptimo puesto alcanzado al término de la temporada en el grupo Norte, consiguieron la permanencia en la categoría.

Por su parte los juveniles masculinos se proclamaron vencedores en el Torneo de Primavera organizado por la Federación Coruñesa de Baloncesto, terminando imbatidos al final del mismo.

Con referencia al equipo cadete, destacar el tercer puesto logrado en las fases locales, habiendo sufrido tan sólo tres derrotas, lo que les privó de disputar la liga provincial.

En otro orden de cosas, decir que el club Santo Domingo participó en la organización del Campeonato Juvenil celebrado durante el mes de mayo en Betanzos y que, una vez comenzada la utilización del pabellón polideportivo municipal y puestas en funcionamiento las escuelas deportivas, el Santo Domingo colaboró en el desarrollo de las actividades, poniendo a disposición varios monitores para impartir las oportunas clases del deporte de la canasta. También, durante los meses de agosto y diciembre, este club organizó sendos torneos infantiles entre equipos de barrios brigantinos, destinados a la promoción del baloncesto en Betanzos.

Hacer constar por último que al comienzo de la temporada 85/86 el Santo Domingo crea tres nuevos equipos con lo que llega a la cifra total de siete, dos de los cuales corresponden a categorías femeninas, siendo la primera vez en la historia del baloncesto local que se toma parte en competiciones oficiales con representantes femeninas.

AJEDREZ

De forma brillante ha terminado el 85 el Club Ajedrez Betanzos. En el último trimestre tomó parte con dos equipos en el Campeonato Provincial de 1.ª Categoría, clasificándose el C.A.B. "A" campeón del grupo de Ferrol con los ajedrecistas Eduardo Dopico, Carlos Arias, José-M. Lodeiro, Carlos de Pablos y Guillermo Santamariña. El C.A.B. "B", formado por Secundino Fernández, Carlos Seoane, Miguel de Paz, Santiago López, Manuel Martín y Luis C. Penide, consiguió asimismo el primer puesto de su grupo, por lo que ambos equipos disputarán con otros dos de la liga provincial la fase de ascenso a la Categoría Preferente en el primer trimestre del 86.

En cuanto a organizaciones se refiere, destacar el "VI Open Ciudad de Betanzos", de partidas semirrápidas durante las fiestas patronales de nuestra localidad, con un notable éxito de organización y participación (80 jugadores). El orensano Baltar se alzó con el triunfo final siendo segundo el catalán Gil Reguera, 10.º mejor jugador español.

En el "IV Campeonato Infantil Navideño", para menores de 16 años, la organización volvió a ser perfecta y a él acudieron un total de 24 participantes que mostraron sus habilidades ajedrecísticas con un aceptable nivel. Tuvo lugar en los locales de C.A.B. la última semana del año y la ganadora fue Mónica Mourón, de nueve años, siguiéndole Pablo Seoane, Juan-Ignacio López y José A. Seoane.

Finalmente, es de significar la preocupación de los dirigentes del ajedrez brigantino en torno al conocimiento del arte ajedrecístico en la juventud, quienes ya han tenido las oportunas tomas de contacto con varios directores de centros docentes de la localidad para impartir de forma periódica clases relativas a este deporte mental.

PIRAGUISMO

El que los palistas del Club Ría de Betanzos hayan aumentado sus participaciones con respecto a anteriores ocasiones, viene a demostrar que el interés de los brigantinos por el piragüismo ha crecido notoriamente en 1985. Con un total de 42 fichas, de las cuales cuatro son femeninas, el club betanceiro terminó el año con más de una veintena de pruebas oficiales-entre las que destacan el descenso del Miño en Ourense, Lugo y Tuy; Travesía Príncipe de Asturias; Campeonato Gallego senior y juvenil de pista, en Chantada; ascenso y descenso del Nalón y descenso del Sella.

En cuanto a clasificaciones, merecen especial mención los dos primeros puestos conseguidos en el descenso del Eume, el 8 de septiembre y 1.ª Prueba de K-4 As Pontes de García Rodríguez, así como la segunda plaza que se obtuvo en la II Prueba Octava da Ribeira el 16 de junio y las terceras cosechadas en el Campeonato Galle-



27 de abril de 1985

Pasa por Betanzos a Volta Ciclista a España.

go de cadetes e infantiles de Invierno en Portodemouros, el 1.º de mayo y I Regata de Ortigueira, el día 27 de julio, amén de otras importantes clasificaciones que han hecho que el Ría de Betanzos continúe en su línea ascendente en su afán de colocarse entre los más grandes del piragüismo gallego.

TAEKWONDO

Cinco medallas de oro, tres de plata y seis de bronce, avalan sobradamente el gimnasio Kwon en su quehacer a lo largo del 85.

En el "III Trofeo Das Mariñas" la medalla de oro de Francisco Javier Navas, en la categoría de menos de 48 kilos y las dos de bronce de Juan C. Fuentes (52-56 kilos) y Gerardo Bouzas (70-76 kilos), dieron a nuestro gimnasio el cuarto puesto. Más adelante, en el "II Trofeo Terra Chá", el oro logrado por Francisco-Javier Navas, Juan C. Canosa y Domingo Torreiro; la plata de José Navas, Jesús López Rama y Jorge J. Martín y el bronce de Juan C. Fuentes, José M. Fuentes, y Gerardo Bouzas, auparon el "Kwon" al primer puesto por gimnasios. En el "III Trofeo Bergantiños", con tan sólo el oro de J.M. Rodríguez, en la categoría de más de 83 kilos y el bronce de José Navas, en la de 52 a 56 kilos, el gimnasio betanceiro ocupó la cuarta plaza en la clasificación.

Por otra parte son dignas de mencionar las exitosas exhibiciones celebradas en el trofeo das Mariñas; en el Polideportivo de Betanzos, con motivo del Día del Deporte y las que tuvieron lugar en las fiestas de Carral.

FUTBOL

Una nueva decepción futbolística ha brindado el Brigantium a su afición durante la temporada 84/85, al término de la cual ha quedado clasificado en la zona media de la tabla, siendo superado en puntuación por equipos como el Perlío, Pastoriza, Brexo Lema, San Tirso, Atlético Arteixo, Meicende, Ordenes, etc. e igualado por el Cedeira y Vizoño. No queremos, por supuesto, desmerecer la labor de estos conjuntos, pero bien es sabido que en circunstancias normales nuestros representantes no les darían ni la más mínima opción. En Betanzos hay numerosos jugadores que poseen muy buenas cualidades para llevar el equipo a cotas más altas. Ya hemos dicho en varias ocasiones que el fútbol betanceiro tendría que estar representado en Tercer Nacional o, al menos, Regional Preferente, pero eso sólo será posible con la recuperación de varios deportistas del balompié que en estos momentos militan en otros equipos; por desgracia para nuestro fútbol, creemos que eso no se llevará a cabo.

Juveniles

Diecisiete puntos cosechados a lo largo de una temporada, cuando el número de equipos participantes se eleva a quince, es un pobre balance. Los negativos en la cuenta betanceira se han ido incrementando jornada tras jornada y por consiguiente la clasificación final fue todo lo elocuente que tenía que ser: descalabro total. Así pues, en resumen, el fútbol ha puesto un año más la nota triste en nuestro deporte.

TENIS

La Sociedad Deportiva O Salgueiro ha mantenido durante 1985 la regularidad que la caracteriza.

Los éxitos más resonantes en lo que al terreno deportivo se refiere fueron el subcampeonato gallego obtenido por el equipo de veteranos-juniors, celebrado durante los meses de febrero y marzo y el Campeonato femenino de Segunda División en el grupo en que tomaban parte el equipo de Betanzos. Por su parte, el equipo "A" de O Salgueiro, que participó en el Campeonato Gallego Absoluto de Tenis, obtuvo al final del mismo una buena situación en la tabla.

Es de señalar, por otra parte, el Torneo Abierto Dr. Mosquera, celebrado en el mes de agosto y en el que tomaron parte las más destacadas raquetas regionales. La organización a cargo de los brigantinos fue sobresaliente y el lucense González González se llevaría las 100.000 pesetas con que estaba dotado el premio al primer clasificado.

Finalmente mencionar las "XXIV Horas de Tenis" que se desarrollaron en las instalaciones deportivas de la sociedad entre el 28 y 29 de septiembre. Aunque no se trataba de buscar un vencedor, las parejas participantes hicieron gala de un elevado nivel tenístico.

El Polideportivo Municipal "El Carregal" núcleo deportivo de Betanzos

MIGUEL SANCHEZ ORTIZ

Por fin el tan esperado y ansiado Polideportivo Municipal, se hizo realidad para bien de toda la familia deportiva de Betanzos.

Ciertamente la participación ciudadana, creciente desde su inauguración, no sólo ha significado un aumento considerable de practicantes en materia deportiva sino que hoy día se puede considerar el Polideportivo



Gabin

Municipal como "un centro de convivencia social y acercamiento humano de primera magnitud entre todos los betanceiros". Quizá radique aquí la importancia de la práctica de la actividad física como vía de entendimiento y respeto entre todos los ciudadanos.

Semejante razonamiento queda avalado por esta pequeña cronología de la corta vida del Polideportivo durante el año 1985 y que el Ayuntamiento Brigantino, a través del Servicio Municipal de Deportes, se encargó de hacer realidad.

- 19 de Enero: Toma de posesión del cargo de "Director de las Instalaciones Deportivas Municipales" de Miguel Sánchez Ortiz, Licenciado en Educación Física.
- 26 de Febrero: Son aprobadas en Pleno de la Corporación Municipal las "Normas de uso de las Instalaciones Deportivas Municipales".
- 8 de Marzo: Entrega provisional de las Instalaciones por parte de la Empresa constructora al Ayuntamiento de Betanzos.
- 4 de Abril: Comienza el Curso de E.F. "Tratamiento de lo Corporal en la E.G.B.", dirigido a maestros, pedagogos y adultos responsables de la formación infantil en esta área. Impartido por los profesores Angela García Gómez, Marcelino Vaca Escribano, Eduardo Blanco Pereira y Miguel Sánchez Ortiz.
- 2 de Mayo: Comienzan a funcionar las Escuelas Deportivas Municipales que agrupan a las siguientes actividades y número de participantes en las mismas:
—Escuela de Mantenimiento de Adultos: 116
—Escuela Polideportiva: (9, 10, 11 años) de baloncesto, voleibol y futbito: 100.
—Escuela Deportiva: (12, 13, 14 años) de baloncesto y futbito: 38.
—Escuela Municipal de Danza Regional: 72.
TOTAL de Inscritos: 326.
- 15 de Mayo: Coincidiendo con la celebración del XXXII Campeonato Juvenil de Baloncesto Masculino, se celebra la INAUGURACION OFICIAL del Polideportivo Municipal.
- 29 de Junio: Se celebra la 1.ª Fiesta del Deporte, coincidiendo con la clausura de las Escuelas Deportivas Municipales.
- Agosto: Se celebran diversos Campeonatos Deportivos en las localidades de Ribadeo y Cabeza de Manzaneda para infantiles, juveniles y adultos, en colaboración con el Ayuntamiento de La Coruña.
- 15 de Octubre: Comienzan a funcionar las Escuelas Deportivas Municipales con la novedad de la creación de la Escuela de Educación Física de Base que agrupa a los niños y niñas de 6 a 9 años.
También aumentó el número de deportes ofertados con Judo, Badminton y Rugby.
El total de personas inscritas alcanzó la cifra de 403.

Hay que añadir a este resumen, que la actividad del Polideportivo Municipal no termina en estas cifras de participación sino que además, el Ayuntamiento, mediante acuerdos y conciertos, ha ofertado la Instalación a diversas entidades y asociaciones deportivas de Betanzos para los entrenamientos y partidos de competición de las diferentes ligas en que están participando los mencionados Clubs, entre los que destacan por su nivel de participación:

- Club de Baloncesto "Santo Domingo".
- Club de Piragüismo "Ría de Betanzos".
- Club "O Trasnó".
- Comité Local de Fútbol Sala.

Todo este esfuerzo por conseguir un nivel óptimo de participación, sin discriminación de edad, sexo o condición social, no tendría sentido si no nos guiara un objetivo claro y contundente, que no es otro como el consolidar la actividad física y el deporte como uno de los medios más atractivos e importantes de acercamiento y participación humana y social entre todos los ciudadanos.


Este es el auténtico sentido que proyecta este "Núcleo Deportivo" como promotor de la mejora de la calidad de vida en los aspectos físico, social y psíquico de todos los vecinos de Betanzos.



ACONTECEMENTOS DO ANO

...

A redacción do Anuario Brigantino agradece a colaboración especial que para este apartado tivo por parte dos corresponsais locais de "La Voz de Galicia" e "El Ideal Gallego", don Antonio Naya Salorio e don Eusebio Tenreiro García.



Debuxo de Alfredo Erias.

5 de xaneiro de 1985

No seu 12 aniversario, a Cabalgata de Reises foi organizada pola Charanga Os Loiteiros seguindo dende os Remedios por diversas rúas da cidade ata O Campo onde tivo lugar unha fermosa festa para todos, especialmente para os nenos.



13 de xaneiro de 1985

Como resultado do Cuarto Congreso do PSOE de Galicia celebrado en Ourense, resultou elixido Secretario Xeral o Alcalde de Betanzos, don Antolín Sánchez Presedo.

19 de xaneiro de 1985

Neste día tivo lugar un homenaxe póstumo á lembrada mestra brigantina, dona Francisca López de Zuloaga (Paquita Zuloaga). As 11 da mañán houbo unha misa na eirexa de Santiago. Mais tarde o Alcalde da cidade, don Antolín Sánchez Presedo descubría unha placa na súa honra. As 12 na Sala Capitular do Concello, coa asistencia do Alcalde e do deputado no Congreso don José Manuel Romay Becharía e diversos concelleiros, tivo lugar unha recepción a familiares e amigos na que falou ademais do Alcalde, dona Rosario Castells Vila.



8 de febreiro de 1985

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a presentación do libro "El Antroido en las Mariñas dos Condes" do que é autor don José R. Núñez, cronista oficial da cidade. Fixo a presentación don Felipe Senén, director do Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña.

14 de febreiro de 1985

No instituto de Formación Profesional tivo lugar unha charla sobre a significación do Antroido en Galicia a cargo de don Felipe Senén, director do Museo Arqueolóxico da Coruña.



20 de febreiro de 1985

O noitecer con moito público tivo lugar "O Enterro da Sardiña" que como en anos anteriores estivo organizado pola Asociación Cultural Betanceira fundamentalmente e que contou coa participación da charanga Os Loiteiros. Despois de saír do Hospital de San Antonio ás 9 da noite a comitiva percorreu as rúas da cidade parando de vez en cando para declamar as coplas satíricas de rigor. O remate tivo lugar na Ponte Vella tirándose a Sardiña ó Mandeo.

26 de febreiro de 1985

Este día empezou no Salón Liceo un ciclo de charlas a cargo da Liga Internacional de Saúde e Temperancia baixo a organización do Club Ciclista Betanzos. Interviñeron: don Enrique Graña, profesor nacional de atletismo; don José María Salgado, ATS, e don José María Prieto, delegado da dita Liga e responsable psicolóxico das súas actividades.

27 de febreiro de 1985

Coincidindo co empezo das obras relativas ó proxecto de semaforización —seguridade vial e peatonal da cidade—, chegou a Betanzos o director Xeral de Tráfico do Ministerio do Interior, don Martín Palacín, a quen acompañaban outras personalidades.



8 de marzo de 1985

Inaugurouse a nova sede da Caixa de Aforros de Galicia no edificio remodelado da antiga Capela de San Roque. De gran interese social é a existencia neste edificio dunha aula de cultura e un club de xubilados. O acto estivo presidido polo alcalde en funcións, don Manuel Lagares Pérez, con asistencia do presidente da Caixa de Aforros de Galicia, don Claudio San Martín Pérez e outras personalidades.



8 de marzo de 1985

Pasadas as doce da mañán tivo lugar o acto de recepción provisional do Pabellón Polideportivo Municipal coa presenza do Alcalde da cidade, don Antolín Sánchez Presedo; o subdirector da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, don José Ramírez Ramírez; o deputado provincial e alcalde de Miño, don Deogracias Romeu López; o director das instalacións deportivas municipais, don Miguel Sánchez Ortíz, membros da Corporación Municipal e técnicos que participaron na obra.

8 de marzo de 1985

Neste día colocáronse de novo no retablo do ábside da eirexa de Santa María do Azougue as oito primeiras tallas restauradas. A odisea empezara o 1 de outubro de 1981 ó seren todas (14) roubadas. O restaurador é o compostelán don Alfonso Sanmartín.

10 de marzo de 1985

Tivo lugar un festival presentado por dona Carmen María García, coa actuación da Agrupación Musical de Pulso e Púa "Carlos Seijo", o humorista coruñés Andrés Rey Fernández e a agrupación "Pasiño a Pasiño" da Angustia. Deste xeito clausurábase o "rastrillo" que baixo a organización da Asamblea Local de "Manos Unidas" viñera funcionando no salón parroquial da rúa Tomás Dapena.



14 de marzo de 1985

No concello foron entregados uns 80 diplomas a outros tantos alumnos do Instituto de Formación Profesional da cidade que fixeron prácticas na Administración Municipal. O acto estivo presidido polo delegado de Programación e Planificación don Manuel Lagares Pérez.



23 de marzo - 12 de abril de 1985

Neste tempo estivo aberta no Museo das Mariñas a "I MOSTRA BIBLIOGRAFICA DE BETANZOS". Foi organizada pola Biblioteca, o Arquivo e o Museo e realizouse como un acto mais da tradicional reunión por San Benito dos membros de ANABAD-GALICIA (Asociación Nacional de Arqueiros, Bibliotecarios, Arqueólogos e Documentalistas) que este ano se celebrou en Betanzos.

Na apertura, o Alcalde da cidade, don Antolín Sánchez Presedo, sinalou que xa fora aprobado o proxecto polo que o convento de Santo Domingo albergará a Biblioteca, o Arquivo e o Museo. Pola súa parte o Presidente de Anabad-Galicia, don Pedro López Díaz coincidía na importancia que supoñía contar con edificios en boas condicións, así como con unha adecuada pirámide funcional. O arquivero-bibliotecario, Alfredo Erias, mostrou finalmente o seu agradecemento ás persoas e entidades que colaboraron na mostra.

Rematado o acto, os membros de Anabad-Galicia foron obxecto dunha recepción oficial no Concello por parte do Alcalde e outros membros da Corporación.

EDITADA POR CANTABRINA - EDITOR

CUIDAD DE BETANZOS

por MANUEL MARTINEZ SANTISO

ALQUILADO EN SUZUELO TITULO 8 CAPITULO 1

Artículo 9.º - Precio UN REAL

DEL TYRZA

ERITADA
LA REVOLTA
NYÑEZ
CON PLATON
DE LA
AVILLA
BARCELONA
MENEKIX

I MOSTRA BIBLIOGRÁFICA DE BETANZOS

Organizada polo ARQUIVO HISTORICO MUNICIPAL, a BIBLIOTECA PUBLICA MUNICIPAL CASTELAO e o MUSEO DAS MARINAS

CEDEBERNAROS DE BETANZOS.

Publicadas e promulgadas por los Reges Católicos (Don Fernando e Dona Isabela) en 1494, reconfirmadas por D. Felipe II en 1568, e adicionadas por D. Felipe III en 1601.

1918

XOGOS FR

BETANZOS

REGLAMENTO DE LA ASOCIACIÓN DE OBREROS AGRICULTORES DE LA CIUDAD DE BETANZOS

CON UN FISIÓLOGO DEL LICENCIADO EN DERECHO Don Manuel Martínez Santiso

AUTOR DE LA HISTORIA DE LA CIUDAD DE BETANZOS

23 de marzo - 12 de abril de 1985

MUSEO DAS MARINAS

de luns a venres
sábados

18 - 20 h.
11 - 13 h.

LUGAR: BETANZOS



1 de abril de 1985

Baixo a organización da Coral Polifónica de Betanzos tivo lugar o Pregón da Semana Santa a cargo do betanceiro, don Fernando Iglesias, médico psiquiatra, don Manuel Martínez, psicólogo; don Adolfo Bobadilla Pardo, médico psiquiatra...

12 de abril de 1985

Coa organización da "Asamblea Comarcal de la Asociación Ciudadana de Prevención y Lucha contra la Droga" empezou na Aula de Cultura da Caixa de Aforros un ciclo de conferencias que se desenrolou tódolos luns deste mes de abril. Interviñeron: don Fernando Iglesias, médico psiquiatra; don Manuel Martínez, psiquiatra; don Manuel Araújo, psicólogo; don Adolfo Bobadilla Pardo, médico psiquiatra...

17 de abril de 1985

No Instituto de Bachelato pronunciou unha conferencia don Manuel Enrique Vázquez Buján, profesor do departamento de Latín da Universidade de Santiago.

29 de abril de 1985

Neste día tivo lugar no Muiño Roxo unha charla coloquio sobre Transporte aéreo de carga e comercio exterior. Foi organizada por Iberia coa colaboración do Banco Exterior de España e da Cámara de comercio da Coruña.




30 de abril de 1985

Na "Residencia García Hermanos" coa presenza do Alcalde da cidade, don Antolin Sánchez Presedo a quen acompañaban o delegado de Programación e Planificación, don Manuel Lagares Pérez e o arquivista-bibliotecario, don Alfredo Erias Martínez, tivo lugar un acto de homenaxe e agradecimento á poetisa dona María Luisa Crestar Díaz, quen é unha das máximas benefactoras das institucións culturais municipais.




2 de maio de 1985

Ó mediodía, no Hotel Finisterre da Coruña, o betanxeiro don José Manuel Iglesias González recibiu de mans do Alcalde desa cidade, don Francisco Vázquez Vázquez, o premio "Pérez Lugín" que concede a Asociación da Prensa da Coruña, neste caso por un artigo periodístico titulado "Wenceslao Fernández Flórez..., también periodista impar".



3 de maio de 1985

Visitou a cidade o embaixador da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas en España, o señor Yuri Dubinin, quen foi recibido no Concello polo Alcalde en funcións, don Manuel Lagares Pérez e outros membros da Corporación. Acompañaban ó embaixador soviético o conselleiro cultural da embaixada, o Señor V. Bykov; o xefe adxunto da delegación comercial, Señor Gukasov e o agregado da embaixada, Señor A. Meshkov. O Alcalde da cidade fixo entrega ó embaixador dunha placa conmemorativa.



7 de maio de 1985

Na Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia tivo lugar a presentación do Proxecto de Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento Municipal de Betanzos por parte do delegado de Urbanismo e Medio Ambiente, don Antonio Lagares Pérez e do equipo técnico que o redactou. A esta presentación seguiu un coloquio.



11 de maio - 14 de xunio

Empezaron as Xornadas Culturais Betanceiras cun recital poético organizado pola Asociación Cultural.

13 de maio de 1985

Neste día desmontouse para o seu traslado ó cemiterio municipal o monumento ós caídos existente diante da eirexa de Santiago.



9 de maio de 1985

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a presentación oficial do XXXII Campeonato de España de Baloncesto Xovenil que se disputaría do 15 ó 19 deste mes, dando así comezo as actividades do novo Pabellón Municipal de Deportes. O acto estivo presidido polo Alcalde, don Antolín Sánchez Presedo, acompañado de don Enrique Piensos, coordinador do deporte escolar quen representaba a don Aquilino Lousa, director xeral de Deportes da Xunta de Galicia; presidente da Federación Coruñesa de Baloncesto, don Juan Domínguez Pujol; concellais e outras personalidades.



